

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de abril de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día nove de abril de dous mil sete e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o Secretario do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(535).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 19 de marzo de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(536).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 3/1437/301, 3/1490/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 23.03.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda dar de alta no servizo de Axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Francisca Carballido Míguez. Expte. 3/1437/301.
- D^a. Ramona Costas Rivas. Expte. 3/1490/301.

3(537).- DAR CONTA DA 1ª ADDENDA DA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS E SERVIZOS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENZAS PARA O ANO 2007. EXPTE. 20883/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 29.03.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Quedar enterada da 1ª addenda da prorroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento dos programas e servizos de tratamento de drogodependenzas para o ano 2007 por un total de 449.997 €.

4(538).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CELEBRACIÓN DA 43 EDICIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS. EXPTE. 6867/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.02.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación do texto do convenio para a celebración da 43 Edición do Rallye Rías Baixas, entre o Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas, que se transcribe de seguido.

2º.- Aprobar o gasto de 33.000 € a favor da entidade; Escudería Rías Baixas CIF: G-36645398. Con enderezo en 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210 (c/c: 2080.0147 11 0040003914 con cargo á partida 4521.489.00.01 do vixente orzamento.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCUDERIA RÍAS BAIXAS PARA A CELEBRACIÓN DA 43 EDICIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS

No Concello de Vigo, a

Dunha parte: Dna. Lucia Molares Perez, concelleira-delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

E doutra: D. Fernando Mouriño Sio, en nome e representación da Escudería Rías Baixas co CIF: G-36645398.

Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio. EXPOÑEN :

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Rallye Rías Baixas, que con grande éxito vense celebrando dende hai 43 Edicións, o Excmo. Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas conveñen a realización do mesmo sendo a escudería Rías Baixas a única entidade con capacidade organizativa para afrontar este evento que ten un claro interese publico e zonal. Polo que se establecen as seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira, o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións aprobado polo R.d. 887/2006; a normativa autonómica sobre subvencións; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

Esta subvención ten un clara carácter de interes publico e social polo que a súa concesión acollese o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS. dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de publico.

Por outra banda é a única entidade que ten capacidade organizativa para desenvolver a 43 Edición do Rallye Rías Baixas e a Escudería Rías Baixas, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrencia.

A Escudería Rías Baixas para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

SEGUNDA- O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

2.1- Autorizar a organización da “43 Edición do Rallye Rías Baixas” á Escudería Rías Baixas para a celebración do ós días 1, 2 e 3 de xuño de 2007.

2.2.-Aboar á Escudería Rías Baixas a cantidade de 33.000,00 euros pola organización e celebración da “43 Edición do Rallye Rías Baixas”, con cargo á partida 4521.489.00.01 “ Subvencións Eventos Deportivos” do orzamento en vigor.

TERCEIRA.- A “Escudería Rías Baixas”, asume as seguintes obrigas:

3.1.-Organizar a “43 Edición do Rallye Rías Baixas”, no ano 2007.

3.2 .-Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento.

3.3.-Entre os idiomas utilizados para a promoción deste evento terá que aparecer necesariamente o galego.

3.4.-En tódala información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.

3.5.-Cumprir tódalas normas establecidas no clausurado do convenio.

3.6.-Responder da veracidade dos datos da solicitude.

3.7.- A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

CUARTA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servicio de Deporte da Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento local do Excmo. Concello de Vigo.

A Concellería de Promoción económica e desenvolvemento local, a través do Servicio de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da Escudería Rías Baixas da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servicio de Deportes, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais , poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

QUINTA Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e abono da subvención.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada, dos recollidos no orzamento presentado pola Escudería Rías Baixas.

A subvención aboárase nun único pago tras a celebración do evento deportivo. O beneficiario xustificará a concesión otorgada coa presentación dunha conta xustificativa que contendrá:

- Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acreedor, concepto de gasto, importe e data de emisión.*
- Facturas orixinais dos gastos incorporados na relación anterior, nas cales deberá constar a conformidade co servizo prestado, por parte da entidade deportiva.*
- Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.*

O técnico do Servicio de Deportes encargado do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.

SEXTA: Así mesmo acordan de se lo caso, que todos los ingresos provenientes da referida “43 Edición do Rallye Rías Baixas” serán percibidos en beneficio da Escudería Rías Baixas.

SEPTIMA: A vixencia do presente convenio é para a realización da “43 edición do Rallye Rías Baixas”.

OITAVA: A Concelleira-Delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

NOVENA: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS

DECIMA: A entidade Escuderia Rias Baixas deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización da 43 Edición do Ralie Rias Baixas 2007.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.

5(539).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3 PARA A CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE MOUNTAIN BIKE 2007. EXPTE. 6869/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.02.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para a celebración da Copa do Mundo de Mountain Bike 2007, entre o Concello de Vigo e a Asociación Deportiva RP3, que se transcribe de seguido.

2º.- Aprobar o gasto de 24.000€, a favor da Asociación Deportiva RP3 CIF: G-36850378, con enderezo en Abeleira Menendez,1- 36201 VIGO con cargo á partida 4521.489.00.01 do vixente presuposto.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3 PARA A CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE MOUNTAIN BIKE 2007.

No Concello de Vigo a

Dunha parte: D.Lucia Molares Perez, Concelleira – Delegada da area de Promoción Economica e Desenvolvemento Local.

E Doutra: Dna. Marta Alfageme Fontanals, con DNI 36970246, en nome e representación da Asociación Deportiva RP3 co CIF G-36850378.

Ámbalas días partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN:

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización da Copa do Mundo de Mountain Bike 2007, o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Deportiva RP3, conveñen a realización do mesmo, esta actividade ten un claro interes publico e social. Asemade a entidade RP3 realizou sempre esta actividade é a única entidade que ten a capacidade organizativa para desenvovela, polo que se establecen as seguintes:

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA: A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; as Bases de execución do

orçamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

Esta subvención ten un claro carácter de interes publico e social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS, dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de publico e o fomento a mellora do lecer saudable na poboación.

A concesión da subvención que regula este convenio non se axusta ós principios de publicidade e concorrancia pública, dado que, a entidade RP3 é a única organizadora da Copa do Mundo de Mountain Bike e é a única entidade que ten esta capacidade organizativa para esta proba.

A.A.D. RP 3 para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 da LXS.

SEGUNDO : O Excmo. Concello de Vigo, comprométese a:

2.1.- Autorizar a organización da Copa do Mundo de Mountain Bike 2007 á Asociación Deportiva RP3 para a celebración da mesma.

2.2.- Abonar á Asociación Deportiva RP3 a cantidade de 24.000€ polos gastos de organización e celebración da Copa do Mundo de Mountain Bike 2007, con cargo á partida 4521.489.00.01.

TERCEIRA.- A Asociación Deportiva RP3, asume as seguintes obrigas:

3.1.-Organizar a Copa do Mundo de Mountain Bike 2007.

3.2.-Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento.

3.3.-Entre os idiomas utilizados para a promoción deste evento terá que aparecer necesariamente o galego.

3.4.-En tódala información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo no lugar onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.

3.5.- Cumprir tódalas normas establecidas no clausurado do convenio.

3.6.- Responder da veracidade dos datos da solicitude.

3.7.- A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

3.8.-A organización porá a disposición da Concellería de Deportes as invitacións necesarias para promover o evento na cidade.

CUARTA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servizo de Deportes da Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Excmo. Concello de Vigo.

A concellería de Promoción Económica e desenvolvemento Local, a través do Servicio de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da A.D. RP3 da subvención, implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servicio de Deportes, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

QUINTA: Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e abono da subvención:

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada, dos recollidos no orzamento presentado pola Agrupación Deportiva RP 3.

A subvención aboárase nun único pago tras a celebración do evento deportivo. O beneficiario xustificará a concesión outorgada coa presentación dunha conta xustificativa que contendrá:

.- Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acredor, concepto de gasto, importe e data de emisión.

.- facturas orixinais dos gastos incorporados na relación anterior, nas cales deberá constar a conformidade co servizo restado, por parte da entidade deportiva.

.- Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.

O técnico do Servicio de Deportes encargado do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta Xustificativa, no que poñerá de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.

SEXTA::Así mesmo acordan que de se lo caso tódolos ingresos derivados da publicidade, así como calquera outro ingreso proveniente da referida Copa do Mundo de Mountain Bike 2007 serán percibidos en beneficio da Asociación Deportiva RP3.

SEPTIMA: A vixencia do presente convenio é para a realización da Copa do Mundo de Mountain Bike-2007.

OITAVA: A Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a través do Servicio de Deportes queda facultado para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

NOVENA: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.

DECIMA: A Asociación Deportiva RP3, deberá comunicar o concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización da Copa do Mundo de Mountain Bike de 2007

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.

6(540).- SOLICITUDE DO CLUB DE CORREDORES DE VIG-BAY DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O “MEDIO MARATÓN GRAN BAHÍA VIG-BAY 2007” O 15.04.07. EXPTE. 6844/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club de Corredores de Vig-Bay a organizar o vindeiro día 15 de abril de 2007 a proba deportiva denominada “Medio Maratón Gran Bahía Vig-Bay 2007”, que está previsto que se realice entre Vigo e Baiona, con saída na avda. de Samil (diante do hotel Samil) e percorrido polas rúas: avda. de Samil en dirección a Canido, Cesáreo Vázquez e avda. Ricardo Mella a partir das 11:00 h.

7(541).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO, REDACCIÓN, PRODUCCIÓN E INSTALACIÓN DA SINALIZACIÓN TURÍSTICA DA CIDADE DE VIGO (3ª FASE). EXPTE. 1940/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 5.03.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Unión Temporal de empresas formada por Hega Cuatro, S.L. (85% de participación) e Aplicaciones de Pintura, API, S.A. (15% de participación) o concurso para a contratación do servizo de deseño, redacción, produción e instalación da sinalización turística da cidade de Vigo (terceira fase). Expte. 1940-104, por un importe de 200.326,04 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 18-12-2006 e a oferta presentada..

8(542).- ADXUDICACIÓN DA SUBHASTA DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 1652/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 27.03.07, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar deserta a subhasta para a enexanación para chatarra de 136 vehículos depositados no depósito da Avenida de Madrid expte 1652-241 por que as ofertas presentadas foron inferiores ó tipo de licitación.

2º.- Adxudicar a Desguaces Mingos, S.L. a enaxenación dos materiais que se citan polos prezos seguintes:

1.500 euros por tonelada de cable de cobre illado.

1.000 euros por tonelada de carcasas de luminarias de aluminio.

180 euros por tonelada de chatarra de ferro de alumeado e barandillas.

150 euros tonelada dos vehículos PO 6316 J, PO 9584BS, PO 6175 O e PO 6106 O.

Todo o anterior de acordo coas condicións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 26-02-2007 e a oferta presentada.

9(543).- ALLEAMENTO DE 48 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 1755/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 29.03.07, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos e o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 48 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprilas seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionalos bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

10(544).- PROPOSTA PARA AUTORIZAR O INICIO DUN EXPEDIENTE PARA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO TRAMO URBANO DA REDE DE ESTRADAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO, AVDA. AEROPORTO (N-556) E PRIMER CINTURÓN. EXPTE. 1/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 23.03.07, conformado polo concelleiro de Urbanismo, que di o seguinte:

O adxunto o Director dos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo e o Enxeñeiro Técnico de Obras de dito organismo le departamento de Vías e Obras remite á oficina de Contratación solicitude para a redacción de proxecto modificado das obras de mellora do tramo Urbano da rede de estradas do estado no termo municipal de Vigo, Avda do Aeroporto (N-556) e primeiro cinto.

A modificación do proxecto consiste na realización de novas unidades en capítulos como:

- *Melloras na rede de iluminación.*

- Incrementos da pavimentación co fin de mellorar a regularidade superficial e a capacidade portante.
- Melloras en sinalización e balizamento co fin de adaptarse a normativa vixente as particularidades destas vías.
- Modificacións xeométricas en intersencións e glorietas.

A Xunta de Goberno de 28-08-2006 adxudicou a “Sercocosa, Obras y Proyectos, S.A.” o concurso para a execución das redacción do proxecto e execución das obras de mellora do tramo Urban da rede de estradas do estado no termo municipal de Vigo, Avda do Aeroporto (N-556) e primeiro cinto.

O artigo 146 3º do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas establece que é necesaria a autorización do órgano de contratación para inicia-lo correspondente expediente de modificación do contrato.

A vista das anteriores circunstancias proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autoriza-lo inicio dun expediente para a modificación do contrato de execución das obras de mellora do tramo Urban da rede de estradas do estado no termo municipal de Vigo, Avda do Aeroporto (N-556) e primeiro cinto que consistirá na realización de novas unidades nos seguintes capítulos:

- Melloras na rede de iluminación.
- Incrementos da pavimentación co fin de mellorar a regularidade superficial e a capacidade portante.
- Melloras en sinalización e balizamento co fin de adaptarse a normativa vixente as particularidades destas vías.
- Modificacións xeométricas en intersencións e glorietas de acordo .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(545).- SOLICITUDE DA UTE, ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO DE REDONDEO DE TARIAS NOS APARCADOIROS DA RÚA URZÁIZ E PRAZA DA INDEPENDENCIA. EXPTE. 18048/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio, do 26.03.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da UTE Eloymar e Transvías Electricos de Vigo, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, nº doc 70036966, en data 22 de marzo de 2007, solicita o redondeo a 5 cts. de euros das últimas tarifas revisadas e aprobadas na Xunta de Goberno Local, nos aparcadoiros da rúa Urzaiz e Praza da Independencia, xa que na actualidade, non existen dispensadores e comprobantes de moneda inferiores a cinco centimos de euros, xa que na actualidade non existen no mercado dispensadores e comprobadores de moedas inferiores a 5 cts. de euro.

A UTE Eloymar e Transvías Electricos, é a adxudicataria da explotación dos aparcadoiros da rúa Urzaiz e da Praza da Independencia. As tarifas actualmente vixentes nos mesmos foron aprobadas (tal como está previsto no prego de Calúsulas administrativas que rexeron o concurso convocado para a adxudicación da Concesión), na Xunta Local de Goberno de data 12 de setembro de 2006, na que se fixaron as tarifas do aparcadoiro da Praza da Independencia en 1,19 cts./euro e a da rúa Urzaiz na cantidade de 1,34 euros.

Considerando que nas concesións municipais dos aparcadoiros , as tarifas están establecidas, tomando como referencia temporal do uso a tarifa/hora, independentemente do tempo real que por parte do usuario utilice o servizo, e dado que ata o 31 de agosto de este ano, non está establecida de forma expresa a obrigación para as concesionarias, de adaptación das manicas expedidoras existentes nos mesmos, para a devolución de moedas de 1 cts/euro ou 2 cts/euros, procedíase ó redondeo da tarifa resultante da revisión, á alta a partir de 0,02 cts/euro, ou a baixa, según a procedencia en cada un dos casos, feito que a partir do 1 de agosto de 2007 deberá ser solventado, coa esixencia do establecemento da tarifa/minutos que leva implícita esta adaptación.

Tendo en conta que a concesionaria á data actual, sigue xirando as tarifas anteriores ás revisións mencionadas ó non dispor do acordo expreso que permita este redondeo, e ante o feito que, aínda que non figurase expresamente nos acordos de revisión das tarifas horarias, si se producía ese redondeo á hora de aplicar as tarifas resultantes por parte das empresas titulares dos mesmos, poderíase estimar o solicitado.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte Acordo:

Estimar a solicitude da empresa UTE, Eloymar y Transvías Electricos de Vigo, adxudicataria da concesión da construción e explotación dos aparcadoiros municipais da rúa Urzaiz e Praza da Independencia, e acceder ó solicitado, permitindo o redondeo das tarifas resultantes das últimas revisións efectuadas en ditos aparcadoiros, fixando, ata o 1 de agosto de 2007, a tarifa do aparcadoiro da Praza da Independencia, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 12 de setembro de 2006 en 1,19 euros/hora, redondeada a 1,20 euro/hora; así mesmo, a tarifa do aparcadoiro da rúa Urzaiz, fixada na Xunta de Goberno Local de 12 de febreiro de 2007 en 1,34 euro/hora, redondeada a 1,35 euro/hora.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(546).- REVISIÓN DE PREZOS DE CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, EXECUCIÓN, REPOSICIÓN E MODIFICACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 18007/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio, do 26.02.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de seguridade do Concello de vigo remiten, a este servizo de patrimonio, para a súa tramitación, escrito ó que adxuntan os documentos nº 60036507 e o nº 60055374, correspondentes as revisións de prezos do contrato de subministro, execución e mantemento da sinalización horizontal e vertical do termo municipal de vigo, das anualidades abril 2004/2005 e abril 2005/2006 respectivamente, cúa adxudicataria é a empresa Aplicación de pinturas, API, S.A., adxutase tamén informe favorable das mesmas, da Xefa de área.

O contrato de subministro, execución e mantemento da sinalización horizontal e vertical do termo municipal de Vigo, foi adxudicado a empresa Aplicación de Pinturas, API, S.A., na Xunta de Goberno local celebrada o 16 de febreiro de 2004, e según se recolle no contrato administrativo, de data 15 de marzo de 2004 celebrado entre o Concello de vigo e a empresa Adudicataria, o coste para a primeira anualidade do contrato foi de 372.627,50 euros/ano.

No prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, establececese no apartado VI, “Revisión de prezos”, que procederá ésta conforme ó previsto no artigo 103 e seguintes do Real decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Recollese tamén na citada cláusula, que o prezo do contrato actualizarase segundo a evolución do índice de preos o consumo (IPC Nacional) do ano inmediato anterior, unha vez deducido o imposto do valor engadido (IVE), aplicando o IPC sobre a totalidade do contrato.

Segundo ó disposto no artigo 103 RDL 2/2000, establece que a revisión de prezos nos contratos regulados no mesmo, terá lugar cando se executase nun 20% do seu importe e teña transcurrido un ano dende asua adxudicación.

Polo anterior, a primeira revisión de prezos do contrato comezaría a computarse a partir do 1 de abril de 2005 e a 2º revisión tería os efectos a partir do 1 de abril de 2006, o IPC a aplicar en cada un dos casos sería o incremento producido do IPC Novembro(aperura doc.) 2003/marzo de 2005, que segundo datos do INE foi de 3,6%, e a 2º o incremento do IPC a aplicar sería marzo 2005/ de 2006, que foi de 3,9%.

Na cláusula 2ª do contrato administrativo prevé que o prezo do contrato para a primeira anualidade será de 372.627,50 euros, enténdese co iva engadido, polo que para a súa actualización aplicaríase o IPC novembro 2003/marzo 2005, 3,6%, ascendendo o prezo revisado a partir do 1 de abril de 2005 a cantidade de 386.042,09 euros.

En canto a revisión de prezos para a segunda anualidade contractual, é dicir para a anualidade computada a partir do 1 de abril de 2006, o prezo revisado para o 2005, aplicaríase o IPC marzo 2005/2006, de 3,9%, resultando un prezo revisado de 401.097,73 euros/ ano.

As revisións do prezo do contrato, independentemente que na documentación administrativa se fai mención que se aplicará o incremento do IPC ó prezo contractual menos o IVE, efectúanse con IVE engadido, xa que ó non ter variado o tipo impositivo, non se altera o resultado en canto o prezo resultante.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO

1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de subministración, execución, reposición e modificación da sinalización horizontal e vertical no termo municipal de Vigo, adxudicado pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 16 de febreiro de 2004, a empresa “Aplicación de Pinturas, API, S.A.”, establecendo o mesmo a partir do 1 de abril de 2005, na cantidade 386.042,09 euros.

2º.- Aprobar a segunda revisión do prezo do contrato para a anualidade do contrato mencionado no apartado anterior, a partir do 1 de abril de 2006 na cantidade de 401.097,73 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(547).- RENUNCIA DA ASOCIACIÓN AUTONÓMICA CONFEDERADA “FOGAR DO MÚSICO” Á CESIÓN DO DEREITO DE USO DE EDIFICIO NA RÚA MESTRES GOLDAR, 22 . EXPTE. 6495/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 19.03.07, conformado pola xzefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMERO.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 13.2.2006 aoptou o acordo de ceder grautitamente e en precario á Asociación Confederada Autónoma “Fogar do Músico”, o dereito de uso do edificio de propiedade municipal sito na rúa Mestres Goldar nº 22 desta cidade.

SEGUNDO.- En data 29.12.2006, con entrada no Rexistro Xeral deste Concello o 9.2.2007, D. José Comesaña Comesaña, Presidente da Asociación Autónoma Confederada “Fogar do Músico” presenta escrito de renuncia á cesion e ao dereito de uso do citado edificio de propiedade municipal, informandose polo Servizo de Educación de que fixo entrega das chaves do inmóbel nas dependencias municipais.

TERCEIRO.- De acordo coa clausula 1ª parágrafo sexto do contrato de cesión asinado entre o Concello e dita Asociación o día 22.7.2006, a cesión pode verse extinguida pola renuncia expresa da Asociación Confederada Autónoma “Fogar do Músico”.

CUARTO.- Resulta competente a Xunta de Goberno Local para a adopción do acordo resolutorio sobre o solicitado pola interesada, de conformidade co disposto no art. 127.1 f) da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia da Asociación Autónoma Confederada “Fogar do Músico” á cesión do dereito de uso do edificio da propiedade municipal sito na rúa Mestres Goldar nº 22 desta cidade de Vigo.

SEGUNDO.- Que polo servizo de Educación se emita informe sobre o estado no que foi entregado o inmóbel e as súas instalacións pola cesionaria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(548).- RECLAMACIÓN DE Dª. RAQUEL DIÉGUEZ FREIJEDO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA EXPTE. 671/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Raquel Diéguez Freijedo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de xullo de 2005, no que expón que o día 26 de decembro de 2002, o seu vehículo matrícula M-0437-MT, estando estacionado na avenida Ramón Nieto, á altura do número 401 sufriu danos, por mor dunha inundación ó estaren atascados os sumidoiros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 26/02/2002, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos, comproba a moqueta do vehículo afectado pola entrada de auga no mesmo.
- Informe do servizo de Tráfico, Seguridade e Transportes, de data 24/02/2003, sobre a intervención da unidade de Bombeiros no lugar dos feitos.
- Informe do servizo de Parque Móbil, 22/09/2005, manifestando que os prezos contidos nas facturas nº 0127 e 0135 de Super Tren de Lavado de Balaídos, presentadas pola reclamante, por un valor de 118,69 euros IVE incluído son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 13/10/2005.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 04/08/2006, sobre a capacidade dos colectores de auga.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 19/09/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, resulta acreditado que a solicitante sufriu danos no seu vehículo, matrícula M-0437-MT, estando este estacionado na avenida Ramón Nieto, ó entrarlle auga no seu interior ó non canalizaren os sumidoiros existentes a auga caída debido a unha incapacidade do colector. Achega factura de reposición de moqueta por importe de 118,69 euros.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. Raquel Diéguez Freijedo.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 118,69 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(549).- RECLAMACIÓN DE Dª. ELSA ALONSO DOMÍNGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 694/243. DESESTIMAR.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 27.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Elsa Alonso Domínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de xullo de 2005, no que expón que o día 9 de xullo de 2005, mentres camiñaba pola rúa Sanjurjo Badía, sufriu unha caída por mor dunha lousa mal colocada, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, de data 03/08/2005, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/03/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.306,80 euros.*
- Práctica de proba testifical, en data 22/06/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Alonso, indicando que esta tropezou nunha baldosa que se move.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións e presenta documentación en data 30/06/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación

xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditado o seguinte:

- Se ben a reclamante di que o día 09/07/2005 sufriu unha distensión muscular que lle provocou unha escordadura de nocello, a consecuencia de pisar nunha lousa deteriorada, o parte de asistencia médica en urxencias que achega é de data 21/07/2005, isto é, 12 días posterior á data do incidente, parte que proba unha escordadura pero non que esta fose a consecuencia de pisar na mencionada lousa o día 9. Tanto este parte de urxencias como o certificado médico que achega, de data 07/10/2005 refírense a un traumatismo ou caída, pero iso é segundo as manifestacións da interesada. O certificado se refire a caída accidental o 09/08/2005.
- A súa sobriña, Dna. Purificación Lago Alonso, en escrito de 15/05/2006, manifesta que a reclamante foi ó hospital dous días despois do incidente. Desta atención médica non hai constancia; tampouco do accidente na Policía Local de Vigo.
- Practicada proba testifical á sobriña, esta manifesta que cando Dna. Elsa Alonso lesionouse era de día e había boa visibilidade.
- Hai informe do servizo de Vías e Obras de data 15/03/2006, que incorpora fotografía do desperfecto, que a testemuña identifica, e no que se di que as súas dimensións son de 0,60 x 0,60 x 0,05 metros e que se aprecia a unha distancia duns 10 metros.

Polo que se refire ós danos que se reclaman, e de conformidade co ditame médico que obra no expediente, as lesións valóranse en 1.306,80 euros, ó estimarse que 45 días terían que ser suficientes para a recuperación sen secuelas, dado que non se achegan datos de tal presenza de complicacións. Se ben se achegaron facturas de fisioterapia de data 14/06/2006, isto é, de case un ano despois do incidente, non se relaciona este tratamento coa lesión padecida polo que teñen que ser rexeitados.

Cuarto.- De todo o anterior resulta que, dadas as evidentes contradicións que hai no expediente, se ben resulta acreditado que Dna. Elsa Alonso sufriu unha escordadura de nocello; no entanto, non o está que fose a consecuencia de pisar nunha lousa en mal estado, ó non estar probado con certeza plena a dita circunstancia.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, non se tratando de defectos ocultos, tal e como esixen o Consello Consultivo de Galicia e o Tribunal Supremo, polo que a petición de indemnización tería que ser desestimada por falta de control da propia deambulacón. A isto se engade ademais unha circunstancia moi cualificada, tal e como ten establecido o dito Consello Consultivo (ditame 291/2006) que é que a reclamante reside a carón do defecto estrutural da vía e polo tanto tiña que ser coñecedora del, e na interesada non se lle coñecen impedimentos físicos ou psíquicos que lle impedisen a dita percepción.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Elsa Alonso Domínguez por unha caída ocorrida o día 9 de xullo de 2005 na rúa Sanjurjo Badía, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(550).- RECLAMACIÓN DE INVERSIONES WIKE S.L. DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 47256/250. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 27.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Dosinda Chana Crespo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da entidade Inversiones Wike S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de novembro de 2005, no que expón que se produciu unha inundación no local comercial, propiedade da empresa representada, ubicado na Vía Norte número 36, a consecuencia dos traballos de reparación das tuberías da vía pública, producíndolle danos de carácter material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 23/02/2006.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 31/07/2006.*
- *Informe do arquitecto municipal, de data 06/10/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta que:

- A interesada solicita que se lle aranxen os desperfectos no interior do soto da rúa Norte 26, causados pola auga procedente das tuberías da rúa que no seu momento se arranxaron, alegando Aqualia que non detectou anomalía no funcionamento do servizo que puideron ser orixe das filtracións.
- Verificados polo servizo de Inspección de Vías e Obras os danos por humidades, indica no seu informe de 31/07/2006, que probabelmente se debe a filtracións do exterior ó que se engaden as propias manifestacións da reclamante.
- Ó non ser probada con certeza a causa das filtracións solicitouse informe ó Arquitecto municipal, quen o 06/10/2006 emiteo e que consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992, serve de motivación a esta resolución, e no que se di: “En primer lugar hay que deja taxativamente claro que cualquier habitáculo bajo rasante de una edificación debe disponer de las medidas de estanqueidad suficientes para resistir las avenidas exteriores de agua de carácter normal. No obstante, en los sótanos de una edificación construida con las correctas especificaciones vigentes sobre estanqueidad, puede acaecer una filtración de agua debido a dos tipos de motivos. Una por inclemencias extraordinarias o catastróficas y otra por dolo de terceros que hayan estropeado los sistemas de impermeabilización o desagüe o los hayan hecho funcionar de manera anómala. En el expediente existe un informe de Aqualia de fecha 17/02/2006 en el que se hace constar que una vez revisadas ‘las instalaciones de abastecimiento y saneamiento de la calle, no detectando anomalías en su

funcionamiento'. Asimismo, en fecha 31/07/06 es emitido un informe por la oficina de Vías y Obras en el que se recoge 'que según manifestaciones de la reclamante, desde que Aqualia reparó desatascó las tuberías en la calle Vía Norte, no hubo más filtraciones en el inmueble', siendo esta afirmación contradictoria a la encontrada en el párrafo anterior, no encontrándose en este informe las posibles causas que hubieran podido dar lugar a la entrada anómala de agua".

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o dano ocorreu nas circunstancias que ela indica, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Os informes solicitados tampouco acreditan con plena certeza que o dano o fose a consecuencia do funcionamento dun servizo público e a intervención de terceiros ou inclemencias extraordinarias ou catastróficas son causas que xurisprudencialmente rompen a relación de causalidade entre o dano e o funcionamento dun servizo público.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Dosinda Chano Crespo, en nome e representación de Inversiones Wike S.L. polos danos materiais ocasionados ó local da dita entidade ubicado na Vía Norte número 36, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(551).- PERMISO SEN SOLDADO DA FUNCIONARIA D^a BEATRIZ GÓMEZ OURO, XEFA DO DEPARTAMENTO DE VOLUNTARIADO. EXPTE. 17165/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 2.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D^a Beatriz Gómez Ouro (núm. persoal 22622), técnica superior de actividades culturais e educativas con posto de traballo de xefa do departamento de voluntariado, un permiso sen soldo por asuntos persoais durante o período comprendido entre o 16 de abril e o 15 de xuño de 2007, ámbolos dous incluídos, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.

18(552).- COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE FEBREIRO DE 2007. EXPTE. 17180/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.03.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 21.03.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de FEBREIRO-2007, e que ascenden a un total de 1.169'28 € (MIL CENTO SESENTA E NOVE EUROS CON VINTEOITO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE

19(553).- COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE Ó MES DE FEBREIRO 2007. EXPTE. 17185/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.03.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 21.03.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade por toxicidade polos servizos prestados no vertedeito do Zondal, corresponde aboar a don Antonio Amoedo García que figura na relación adxunta no expediente e que ascende a un total de 52'20 € (CINCOENTA E DOUS EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), correspondente o mes de FEBREIRO de 2007 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

20(554).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE Ó MES DE FEBREIRO DE 2007. EXPTE. 17184/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.03.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 21.03.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por dona M^a del Carmen Barros Abalde e remata por dona M^a Carmen Otero Rodríguez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de FEBREIRO-

2007, e que ascenden a un total de 394'37 € (TRESCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

21(555).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE Ó MES DE FEBREIRO DE 2007. EXPTE. 17182/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.03.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 21.03.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de XANEIRO-2007 e que ascenden a un total 702'66 € (SETECENTOS DOUS EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

22(556).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2007. EXPTE. 17181/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.03.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 21.03.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de FEBREIRO-2007, e que ascenden a un total de 622'40 € (SEISCENTOS VINTE DOUS EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

23(557).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR SERVIZOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DO “DÍA DA CONSTITUCIÓN” DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO DE 2006. EXPTE. 17183/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.03.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 21.03.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do “Día da Constitución”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por dona Ángeles Garrido Domínguez e remata por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por unha cantidade total de 445'60 € (CATROCENTOS COARENTA E CINCO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS).

24(558).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2007. EXPTE. 17187/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.03.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 21.03.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de cemiterios e rematan por dona Pilar Prieto Rodríguez da Biblioteca Central, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 113.077'70 € (CENTO TRECE MIL SETENTA E SETE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de FEBREIRO de 2007.

SERVICIO	IMPORTE
CEMITERIOS	2.177'19
POLICÍA LOCAL	62.774'44
EXTINCIÓN DE INCENDIOS	37.813'00
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	2.075'85
ALCALDÍA	326'81
LIMPEZA	1.190'80
CONSERXERÍA	195'87
PARQUE MÓBIL	2.574'83
PARQUE CENTRAL	1.533'36
DESINFECCIÓN	482'90
IMD (horas de xaneiro)	196'62
ELECTROMECAÑICOS	441'00
MUSEO QUIÑONES DE LEÓN (inclúe horas de xaneiro)	828'67
BIBLIOTECA CENTRAL (inclúe horas de setembro-06 a febreiro-07)	466'36
TOTAL	113.077'70

25(559).- SOLICITUDE DE PERMISO DE D^a ROSANA MARTÍNEZ ARAGUNDE, TÉCNICO AUXILIAR DE LABORATORIO. EXPTE. 17199/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 2.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D^a. Rosana Martínez Aragunde, núm. persoal 78775, técnico auxiliar de laboratorio, un permiso sen soldo por asuntos personais entre os días 9 e 23 do presente mes de abril, de conformidade

co previsto no artigo 17 c) do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.

26(560).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, conformados polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

a) CONSTRUCCIONES MR. BAHIÑA, S.L. EXPTE. 73056/210.

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 26 de outubro de 2005 por CONSTRUCCIONES MR. BAHIÑA, S.L, con NIF B-36.741.155 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa TOMÁS ALONSO, 245, por non producirse danos.

b) CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L. EXPTE. 73148/210.

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 19 de marzo de 2006 por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L, con NIF B-36.816.189 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa ROGELIO ABALDE, 1, por non producirse danos.

c) NUGEPROM S.L. EXPTE. 73149/210.

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 2 de agosto de 2005 por NUGEPROM, S.L, con NIF B-36.817.690 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Tomás Alonso, 146, por non producirse danos.

d) PROYECTOS Y CONSTRUCCIONES COTFI. EXPTE. 73151/210.

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 2 de maio de 2005 por PROYECTOS Y CONSTRUCCIONES COTFI, con NIF B-36.829.455 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa LEPANTO, 14, por non producirse danos.

e) CONSTRUCCIONES ALFONSO PÉREZ. EXPTE. 73179/210.

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 13 de maio de 2005 por CONSTRUCCIONES ALFONSO PEREZ, S.L, con NIF B-36.661668 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio

municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa POUSA, 3, por non producirse danos.

27(561).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DE PROVIDENCIA DE APREMIO DICTADA SOBRE LIQUIDACIÓNS POR ACOMETIDA DE SANEAMENTO. EXPTE. 6572/700.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do tesoureiro municipal, do 30.03.07, que di o seguinte:

En sesión ordinaria de data 21 de xaneiro de 2002 e 30 de xaneiro de 2006, na respectiva Comisión de Goberno, acordouse a seguinte resolución:

"Interesar da Tesoureria deste Concello que, tras as comprobacións e informes que estime oportuno recadar, dicte providencia de constrinximento que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria segundo consta na certificación de descuberto emitida con data 08/1/2002, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento establecido no artigo 130 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (Decreto de 17 de xuño de 1955) e o que con carácter xeral se deriva do Regulamento Xeral de Recadación"

En data 29/03/2007 e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Real Decreto 1174/87 do 18 de setembro, B.O.E. 29/09/1987), o Sr. Tesoureiro acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados, en virtude do/s escrito/s presentado/s en data 14/02/2007, nº doc: 70020812, con data 23/01/2007, nº doc. 70011385, con data 13/11/2006, nº doc: 60118508, con data 14/11/2006, nº doc: 60119171, con data 05/12/2006, nº doc: 60128277, con data 20/07/2006, nº doc: 60080033, con data 09/03/2007, nºs docs: 70029341, 70029349, 70029252 y 70029347, con data 14/03/2007, nº docs: 70031555, 70031556, 70031557, 70031558 y 70031548,, pola Concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo (AQUALIA) dos que se achega copia.

Nos citados escritos, solicitábase a anulación dos recibos relacionados pola concesionaria, unha vez acordada a estimación das reclamacións interpostas contra as liquidacións xiradas no seu día, segundo o establecido no Anexo G-60 da Ordenanza Fiscal do Concello de Vigo sobre a TAXA DE ENGANCHE AS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA.

Xa que ten desaparecido a débeda que orixinou no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS:

NOMBRE	D.N.I.	CONCEPTO	ANO	Nº RECIBO	CLAVE	Nº CLIEN-TE	OBJETO TRIBUTARIO	PRINCIPAL	MOTIVO ANULACION
--------	--------	----------	-----	-----------	-------	-------------	-------------------	-----------	------------------

RAFAEL ESTEVEZ LAGOA	35.933.821 R	ABASTECIM.A GUA SANEAMENTO	2006	0000000078385	028600399	78385	CL JOAQUIN LORIGA 29 1 DR	296,81	Datos erroneos en titular inmueble
JULIO MERA MERA	35.825.129 F	ABASTECIM.A GUA SANEAMENTO	2006	0000000017096	028600711	17096	CL SANTIAGO 7 1 IZ	533,44	Datos erroneos en titular inmueble
ROSA LÓPEZ GONZÁLEZ	15.929.243 H	ABASTECIM.A GUA SANEAMENTO	2006	0000000079342	028600653	79342	ISIDORO ROMERO CABALLERO 8	334,02	Datos erroneos en titular inmueble

NOMBRE	D.N.I.	CONCEPTO	ANO	Nº RECIBO	CLAVE	Nº CLIENTE	OBJETO TRIBUTARIO	PRINCIPAL	MOTIVO ANULACION
CLAUDIA SÁNCHEZ HERNANDEZ.	7.583.063D	ABASTECIM. AGUA SANEAMENTO	2006	0000000034000	028600926	34000	CL COUTO PIÑEIRO 4 5	296,81	Datos erroneos en titular inmueble
CARMEN PENEDO MISA	36.105.673C	ABASTECIM. AGUA SANEAMENTO	2006	0000000044934	028600779	44934	CL LEPANTO 10 2	24,25	Datos erroneos en titular inmueble
MANUEL FEIJOO CARRERA	36.004.009Q	ABASTECIM.A GUA SANEAMENTO	2006	0000000010196	028600410	10196	CL CUNTIS 8 5 DR	75,66	Datos erroneos en titular inmueble
NOMBRE	D.N.I.	CONCEPTO	ANO	Nº RECIBO	CLAVE	Nº CLIENTE	OBJETO TRIBUTARIO	PRINCIPAL	MOTIVO ANULACION
RAFAEL LUCA DE TENA	35.909.963R	ABASTECIM.A GUA SANEAMENTO	2006	0000000017782	028600670	17782	PZ CONSTITUCION 12 BJ	863,63	Datos erroneos en titular inmueble
SANTIAGO RODRIGUEZ MARTINEZ	36.061.726A	ABASTECIM.A GUA SANEAMENTO	2006	0000000048393	028600893	48393	CM SAN IGNACIO 6 BJ	296,81	Datos erroneos en titular inmueble
JOSÉ GIL DOMINGUEZ	36.010.944M	ABASTECIM.A GUA SANEAMENTO	2006	0000000011946	028600478	11946	JOSE MATO (MEDICO) 14 5	296,81	Datos erroneos en titular inmueble
PILAR COSTAS ALONSO	35.990.727M	ACOMETIDA SANEA	2002	0000000001538	028900487	205314	VENDA-BEADE 4	1.220,05	Acometida pagada anteriormente
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ	76.685.718S	ACOMETIDA SANEA	2002	0000000001589	028900496	204310	AEROPORTO AV. 488	1.220,05	Datos erroneos en titular inmueble
JAVIER RAMILO LONGA	36.110.411C	ACOMETIDA SANEA	2005	0000058542016	058542016	210514	CMNO.RIAL-SAN ANDRES, 2	1.220,05	Datos erroneos en titular inmueble

ARMANDO ALBA RODRÍGUEZ	35.840.180Q	ABASTECIM.A GUA SANEAMENTO	2006	0000000017033	028600003	17033	CL ANGUSTIAS 1 BJ BAR	546,67	Datos erróneos en titular inmueble
PATRICIA GOBERNA TRIGO	36.112.395A	ACOMETIDA SANEA	2005	0000058542053	058542053	211340	AV.RICARDO MELLA 375	1.220,05	Datos erróneos en la deuda apremiada
BENIGNO TRIGO COMESAÑA	35.857.339V	ACOMETIDA SANEA	2005	0000058542054	058542054	211343	AV.RICARDO MELLA S.N.	1.220,05	Error titularidad Acometida formalizada otra dirección

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

28(562).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A GAS NATURAL S.D.G. S.A. CONSTITUÍDO POR OBRAS DE CANALIZACIÓN DE GAS NA RÚA GÁNDARA. EXPTE. 51005/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 2.04.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude formulada por GAS NATURAL S.D.G. , S.A., en relación o aval constituído en data 02/04/2004, para responder dos danos que puderan ocasionarse pola canalización de gas na r/ Gándara, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 30/03/2007, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que:

PROPONSE

Proceder a devolución do aval a GAS NATURAL S.D.G. , S.A., constituído na data reseñada, segundo carta de pagamento nº 200400013333, polo importe de 2.474,12 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(563).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A VIVENDAS UNIFAMILIARES Y CONSTRUCCIONES S.A. POR PERMISO DE CIRCULACIÓN POR OBRA NA RÚA IRMANDIÑOS. EXPTE. 52169/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 30.03.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 29 de xuño de 2005 e con número de documento 50135725, a empresa Construcciones Paraxe, solicitou permiso de circulación a r/ Irmandiños, 8-10-12 para obras de construción edificio, con licencia núm. 52476/421, para acceder con camións de ata 24.000 kg. A Policía Local na mesma data, remitíua, oficio con

núm. de expediente 5618/2005, onde nos solicitan informe coas condicións, previa a concesión do permiso de circulación. Informado por iste servicio na mesma data, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, debendo condicionar o mesmo, o depósito dunha fianza por importe de (30.000 euros – trinta mil) polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, por VIVIENDAS UNIFAMILIARES DE VIGO, S.L. núm. de operación 200500031853 de data 08-07-2005.

Con data de entrada no Rexistro Xeral 16-03-2007 e con número de documento 70033967, solicita a devolución da fianza depositada, polo que remitíuse o inspector, indicando que na inspección feita con data 27 de marzo de 2007, comprobouse que o pavimento da calzada non sufriu danos, e as beirarrúas xa estaban desfeitas antes de escomenzar o tráfico rodado dos camións a obra, procedendo polo tanto a devolución da fianza solicitada.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (30.000 € – trinta mil euros), a favor de VIVIENDAS UNIFAMILIARES Y CONSTRUCCIONES, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(564).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez